

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

RESOLUCIÓN do 12 de setembro de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se resolve a convocatoria da Orde do 7 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2024/25 (código de procedemento ED322A).

Mediante a Orde do 7 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2024/25 (DOG núm. 62, do 31 de marzo), aprobáronse as bases desta convocatoria.

De acordo co establecido no artigo 11 desta convocatoria, as solicitudes foron examinadas polo órgano instructor sinalado na antedita orde e publicáronse as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e excluídas, na páxina web da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (<https://www.edu.xunta.gal>), podendo as persoas interesadas formular, no prazo de dez (10) días, as reclamacións ou emendar as carencias ou deficiencias detectadas na documentación achegada ante a Dirección Xeral de Formación Profesional.

Finalizado este prazo e de acordo co establecido no artigo 13 das bases da convocatoria, e atendendo ao informe proposta elevado polo antedito órgano instructor á persoa titular da Dirección Xeral de Formación Profesional,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder axudas de mobilidade complementarias, no marco do programa comunitario Erasmus+, ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia, que se relaciona no anexo I desta resolución e pola contía que se especifica. Así mesmo, inclúese a listaxe de solicitudes excluídas por non reuniren os requisitos establecidos na orde de convocatoria.



As axudas aboaranse na conta bancaria indicada pola persoa interesada, unha vez acreditado, mediante certificación, que se encontra ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Segundo. O incumprimento total ou parcial, por parte das persoas beneficiarias, de calquera das condicións establecidas na Orde do 7 de marzo de 2025 (DOG núm. 62, do 31 de marzo) constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro polas persoas beneficiarias ou solicitantes, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceiro. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2025

María Eugenia Pérez Fernández
Directora xeral de Formación Profesional

ANEXO I

a) Listaxe das persoas beneficiarias das axudas:

	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Centro de procedencia	País	Meses	Importe
1	Alonso	Costas	Xela	***8429**	EASD Antonio Faílde	Chequia	5	2.025,00 €
2	Álvarez	Muñoz	Claudia	***8160**	EASD Pablo Picasso	Lituania	4	1.700,00 €
3	Bernárdez	Vázquez	Rubén	***4131**	EASD Pablo Picasso	Italia	4	1.980,00 €
4	Cabrera	Álvarez	Jimena	***3036**	CMUS Superior de Vigo	Estonia	9	2.685,00 €
5	Costado	Afonso	Inés	***8408**	EASD Pablo Picasso	Italia	4	1.980,00 €
6	Fernández	Vázquez	Alba	***6457**	EASD Antonio Faílde	Polonia	4	1.700,00 €
7	Ferro	Martínez	Lucía	***7723**	EASD Pablo Picasso	Italia	4	1.980,00 €



	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Centro de procedencia	País	Meses	Importe
8	Gómez	Rodríguez	Rubén	***7664**	EASD Antonio Faílde	Turquía	4	1.400,00 €
9	González	Rodríguez	Paula	***7031**	EASD Pablo Picasso	Francia	3	1.785,00 €
10	Hermida	Pérez	Noreia	***2059**	CMUS Superior da Coruña	Países Baixos	5	2.835,00 €
						Chequia	4	
11	Iglesias	Calabria	Paula	***8929**	EASD Pablo Picasso	Italia	4	1.795,00 €
12	Iglesias	García	Lian	***9193**	CMUS Superior da Coruña	Países Baixos	5	2.835,00 €
					CMUS Superior da Coruña	Eslovenia	4	
13	López	Amado	Lucía	***2286**	EASD Pablo Picasso	Italia	4	1.980,00 €
14	Miragaya	Miragaya	Carmen	***8161**	EASD Mestre Mateo	Italia	6	2.370,00 €
15	Pérez	Salgueiro	Iria	***3279**	CMUS Superior de Vigo	Bélxica	5	2.175,00 €
16	Rozadas	Sola	Sandra	***6304**	EASD Pablo Picasso	Francia	5	2.175,00 €
17	Saavedra	Cereijo	Esther	***5422**	EASD Mestre Mateo	Italia	6	2.370,00 €
18	Suárez	Carracedo	Laura	***9280**	EASD Mestre Mateo	Alemaña	6	2.370,00 €
19	Villaverde	Rocha	Alba	***9566**	EASD Pablo Picasso	Grecia	4	1.860,00 €
Total								40.000,00 €

b) Listaxe de solicitudes denegadas.

Con base no establecido na Orde do 7 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2024/25, quedan excluídas as seguintes solicitudes por non axustarse ás bases da convocatoria:

	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Centro de procedencia
1	Benítez	Iglesias	Diana	***6045**	EASD Antonio Faílde
2	Comesaña	Alcaraz	Isolda	***6011**	ESAD
3	Pampín	Sanabria	Laura	***4448**	ESAD
4	Parajuá	Carpintero	Laura	***1005**	EASD Ramón Falcón
5	Pérez	Godoy	Tania	***5984**	ESAD
6	Randolfe	Amorín	Christian	***9015**	EASD Antonio Faílde
7	Villaverde	García	Susana	***8860**	ESAD

